

MÍNIMOS PARA A PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE 6º

LINGUA GALEGA E LITERATURA

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR.

- Comprende a información xeral en textos orais, atendendo á forma e intencionalidade da mensaxe.
- Presenta un discurso fluído e claro, cos nexos cohesivos adecuados.
- Diferencia entre linguaxe verbal e non verbal.
- Diferencia entre situacións de comunicación formais e informais.
- Atende a unha exposición na clase e extrae as ideas principais.
- Expón oralmente traballos de investigación sinxelos.
- Participa en debates sobre temas propostos, argumentando e expresando adecuadamente a súa opinión.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER.

- Le textos de diversa tipoloxía coa dicción, ritmo e ton adecuados.
- Comprende, busca e selecciona información dun texto.
- Comprende textos lidos en silencio.
- Le e valora textos literarios, recoñecendo as súas características esenciais.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR.

- Redacta distintos tipos de textos con claridade e coherencia, aplicando as regras gramaticais e ortográficas básicas e con certa riqueza léxica.
- Selecciona a información máis relevante dun texto para realizar un esquema ou un resumo.
- Elabora traballos de investigación, utilizando as TIC.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA.

- Coñece a realidade lingüística e cultural galega.
- Recoñece o galego como lingua propia da nosa comunidade.
- Recoñece as diferenzas dialectais orais das falas galegas.
- Identifica os castelanismos máis habituais.
- Aplica as normas de puntuación, acentuación, ortográficas e morfosintácticas

estudadas.

- Adquire léxico suficiente na nosa lingua.
- Identifica e utiliza palabras sinónimas, antónimas, homónimas e polisémicas.
- Recoñece e usa as distintas clases de palabras.
- Sabe colocar o pronome átono.
- Emprega adecuadamente os diferentes tipos de oracións.
- Identifica os compoñentes básicos dunha oración simple.
- Emprega o dicionario para resolver dúbidas en formato dixital e impreso.
- Coñece o uso das TICS para acceder á información e emprégaaas como medio de obtención de datos e aprendizaxe.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA.

- Valora e coñece textos significativos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura.
- Recoñece as características propias da narrativa, poesía e teatro.
- Compón textos literarios sinxelos dende a creatividade, tendo en conta as súas características esenciais: conto, poema e diálogo teatral.
- Identifica a métrica e a rima nun poema.
- Recoñece algúns dos recursos retóricos e literarios máis salientables: metáfora, comparación, personificación e hipérbole.

HÁBITOS E ACTITUDES.

- Participa activamente nas actividades propostas.
- Respecta as normas da clase e as opinións dos demais.
- Coida a presentación dos traballos.
- Usa estratexias adecuadas na resolución de conflitos.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR.

- Comprende a información xeral en textos orais, atendendo á forma e intencionalidade da mensaxe.
- Presenta un discurso fluído e claro, cos nexos cohesivos adecuados.
- Diferencia entre linguaxe verbal e non verbal.
- Diferencia entre situacións de comunicación formais e informais.

- Atende a unha exposición na clase e extraer as ideas principais.
- Expón oralmente traballos de investigación sinxelos.
- Participa en debates sobre temas propostos, argumentando e expresando adecuadamente a súa opinión.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER.

- Le textos de diversa tipoloxía coa dicción, ritmo e ton adecuados.
- Comprende, buscar e seleccionar información dun texto.
- Comprende textos lidos en silencio.
- Le e valorar textos literarios, recoñecendo as súas características esenciais.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR.

- Redacta distintos tipos de textos con claridade e coherencia, aplicando as regras gramaticais e ortográficas básicas e con certa riqueza léxica.
- Selecciona a información máis relevante dun texto para realizar un esquema ou un resumo.
- Elabora traballos de investigación, utilizando as TIC.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA.

- Coñece a realidade lingüística e cultural española.
- Aplica as normas de puntuación, acentuación, ortográficas e morfosintácticas estudadas.
- Adquire un léxico suficiente.
- Identifica e usa as palabras sinónimas, antónimas, homónimas e polisémicas.
- Recoñece e usa as distintas clases de palabras.
- Emprega adecuadamente os diferentes tipos de oracións.
- Identifica os compoñentes básicos dunha oración simple.
- Emprega o dicionario para resolver dúbidas en formato dixital e impreso.
- Coñece o uso das TICS para acceder á información e emprégaas como medio de obtención de datos e aprendizaxe.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA.

- Valora e coñece textos significativos da literatura como fonte de coñecemento da cultura en lingua castelá.
- Recoñece as características propias da narrativa, poesía e teatro.

- Compón textos literarios sinxelos dende a creatividade, tendo en conta as súas características esenciais: conto, poema e diálogo teatral.
- Identifica a métrica e a rima nun poema.
- Recoñece algúns dos recursos retóricos e literarios máis salientables: metáfora, comparación, personificación e hipérbole.

HÁBITOS E ACTITUDES.

- Participa activamente nas actividades propostas.
- Respecta as normas da clase e as opinións dos demais.
- Coida a presentación dos traballos.
- Usa estratexias adecuadas na resolución de conflitos.

MATEMÁTICAS

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

- Realiza estimacións e elabora hipóteses sobre os resultados dos problemas a resolver, comprobando a súa validez.
- Identifica os pasos necesarios para resolver un problema e leva a cabo o proceso de forma clara e ordenada coa terminoloxía da materia.
- Sabe usar a calculadora para a realizar cálculos, para aprender e resolver problemas.

BLOQUE 2. NÚMEROS.

- Le, ordena e compara números naturais, decimais e fraccionarios, utilizando distintos métodos.
- Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, atendendo ao valor de posición de cada unha das cifras.
- Interpreta os números enteiros positivos e negativos, segundo o seu valor, e utiliza os números negativos en situacións da vida cotiá.
- Suma, resta, multiplica e divide con N° decimais
- Suma e resta fraccións con distinto denominador aplicando o método do m.c.m e o método de redución dos produtos cruzados.
- Multiplica e divide fraccións; aplica as operacións á resolución de problemas e a situacións da vida cotiá.
- Aplica os criterios de divisibilidade e acha os divisores dun número..
- Resolve operacións combinadas, aplicando a xerarquía de operacións e o uso de

paréntese.

- Calcula potencias e coñece as súas partes.
- Calcula raíces cadradas sinxelas.
- Realiza cálculos de porcentaxes dunha cantidade.
- Reflexiona e resolve problemas da vida cotiá nos que se utilizan a proporcionalidade directa e as porcentaxes, explicando o proceso seguido.
- Utiliza representacións gráficas das fraccións e dos enunciados como outra forma de resolver problemas.

BLOQUE 3. MEDIDA.

- Identifica e expresa medicións de lonxitude, capacidade, masa e superficie (en forma simple ou complexa).
- Calcula sumas e restas sinxelas de lonxitudes, capacidades, masas e superficies, expresando o resultado na unidade correspondente.
- Compara e ordena lonxitudes, capacidades, masas e superficies.
- Resolve situacións de equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.
- Resolve problemas, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis adecuadas.
- Resolve problemas nos que aparecen medidas no sistema sexagesimal, realizando cambios entre as unidades que expresan cada magnitude.

BLOQUE 4. XEOMETRÍA.

- Recoñece os polígonos e clasifícaos segundo os seus lados e ángulos.
- Realiza debuxos xeométricos para resolver distintos problemas
- Recoñece e identifica, poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos.
- Recoñece e identifica corpos xeométricos redondos e os seus elementos básicos.
- Resolve problemas de áreas e volumes.

BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE.

- Diferenza variables cuantitativas e cualitativas.
- Elabora táboas de frecuencia.
- Calcula e interpreta a media aritmética e a moda.

HÁBITOS E ACTITUDES.

- Participa activamente nas actividades propostas.
- Respecta as normas da clase e as opinións dos demais.
- Coida a presentación dos traballos.
- Usa estratexias adecuadas na resolución de conflitos.

CIENCIAS SOCIAIS

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS.

- Obtén información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
- Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información, para aprender e expresar contidos
- Desenvolve a responsabilidade, o esforzo e a constancia no estudo.
- Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización axeitada de textos .
- Valora o traballo en grupo, amosando actitudes de cooperación e participación, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.
- Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos e todas sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.
- Desenvolve estratexias para resolver conflitos e emprega códigos de conduta xeralmente aceptados.
- Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.
- Desenvolve a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA.

- Describe e interpreta correctamente planos, mapas e planisferios.
- Adquire unha idea básica do clima e dos factores que o determinan.
- Explica que é unha paisaxe, os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España e de Europa.

- Coñece algúns elementos importantes do relevo de España e de Europa, dos seus climas e da súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.
- Explica a influencia do comportamento humano no medio natural: o uso sostible dos recursos.
- Explica as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE.

- Identifica a estrutura e os fins da Unión Europea.
- Interpreta os principais conceptos demográficos e calcúlaos a partir dos datos de poboación.
- Explica as principais características da poboación galega, española e europea.
- Describe os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración, e a chegada de migrantes ao noso país e identifica os problemas actuais da poboación.
- Identifica e describe as principais actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos.
- Describe o funcionamento básico da publicidade, distinguindo publicidade educativa e publicidade consumista.
- Toma conciencia do consumo responsable e o sentido do aforro.
- Comprende os beneficios que ofrece o espírito emprendedor.

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.

- Explica as principais características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.
- Ordena temporalmente algúns feitos históricos.
- Identifica, localiza no tempo e no espazo e comprende algúns dos procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España.
- Coñece en xeral as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.
- Valora a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos, como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.

HÁBITOS E ACTITUDES.

- Participa activamente nas actividades propostas.
- Respecta as normas da clase e as opinións dos demais.
- Coida a presentación dos traballos.
- Usa estratexias adecuadas na resolución de conflitos.

CIENCIAS DA NATUREZA

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA.

- Presenta un traballo no que debe buscar información, organizala e expoñer as conclusións de xeito oral e escrito, utilizando a terminoloxía da materia.
- Presenta traballos elaborados con procesadores de texto.
- Realiza as tarefas escolares con autonomía suficiente.
- Forma parte dun equipo de forma eficaz.
- Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando e extraendo conclusións e comunicando os resultados.

BLOQUE 2 - O SER HUMANO E A SAÚDE.

- Describe o papel dos diferentes aparatos e órganos no proceso de nutrición e reprodución humana.
- Describe o proceso de fecundación, fases do embarazo e as etapas da vida.
- Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS.

- Explica a estrutura dos seres vivos.
- Elabora clasificacións entre os distintos tipos de seres vivos, completa táboas e elabora sinxelos informes sobre eles.
- Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA.

- Explica sinxelas reaccións químicas, identificando os compostos iniciais e os

produtos finais.

- Explica que é a luz describe as súas características e propiedades.
- Coñece os beneficios e riscos relacionados coas enerxías renovables e non renovables.
- Explica cambios físicos en distintos materiais.
- Explica que é a calor, propiedades e efectos nos corpos.
- Clasifica a materia segundo distintos criterios.

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS.

- Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.
- Recoñece os elementos dun circuíto eléctrico e constrúe un de xeito guiado.
- Clasifica materiais como condutores ou illantes.
- Explica o magnetismo.
- Nomea, coñece e é quen de explicar algúns avances científicos aplicados a distintos ámbitos, participando en debates e exposicións.

HÁBITOS E ACTITUDES.

- Participa activamente nas actividades propostas.
- Respecta as normas da clase e as opinións dos demais.
- Coida a presentación dos traballos.
- Usa estratexias adecuadas na resolución de conflitos.

RELIXIÓN

• CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.

Mínimo de consecución: Recoñece os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas.

• CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.

Mínimo de consecución: Coñece algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta.

- CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.

Mínimo de consecución: Recoñece en biografías significativas e movementos sociais algúns principios da ética cristiá e pensa como se poden aplicar na nosa contorna.

- CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.

Mínimo de consecución: Valora como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos.

- CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.

Mínimo de consecución: Constrúe o seu propio sistema de valores e crenzas a partir da análise e reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.

- CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.

Mínimo de consecución: Comprende que tendo como exemplo a mensaxe de Xesús pode construír o seu propio sistema de valores e crenzas.

MÚSICA

- CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.

Mínimo de consecución: Recoñece os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas.

- CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.

Mínimo de consecución: Coñece algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta.

- CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.

Mínimo de consecución: Recoñece en biografías significativas e movementos sociais algúns principios da ética cristiá e pensa como se poden aplicar na nosa contorna.

- CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.

Mínimo de consecución: Valora como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos.

- CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.

Mínimo de consecución: Constrúe o seu propio sistema de valores e crenzas a partir da análise e reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.

- CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.

Mínimo de consecución: Comprende que tendo como exemplo a mensaxe de Xesús pode construír o seu propio sistema de valores e crenzas.